

**Proxecto de innovación educativa en dinamización
lingüística**


RACHANDO ROLES

CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro

Centros participantes

IES Ricardo Carvalho Calero

CEIP A Solaina



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ÍNDICE

1 Título do proxecto.....	3
2 Introducción.....	3
2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro.....	3
2.2 Xustificación do proxecto.....	3
3 Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación.....	6
3.1 Obxectivos a curto prazo.....	6
3.2 Obxectivos a longo prazo.....	6
4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos.....	7
4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo.....	7
4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo.....	7
5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía.....	7
6 Xestión e calendario.....	9
7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto.....	10
7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas.....	10
7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número).....	11
8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto.....	11
9 Orzamento. Xustificación e desagregación.....	12
10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas.....	13
11 Medidas de difusión do proxecto.....	13
11.1 Accións, canles, medios e formatos.....	13
11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos).....	14
12 Plan de avaliación.....	14
12.1 Criterios e indicadores para a avaliación.....	14
12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa.....	15
13 Bibliografía.....	15

1 Título do proxecto

Rachando roles

2 Introducción

2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

No pasado curso académico 2021-2022, realizouse a enquisa sociolingüística do centro educativo da que se obteñen datos preocupantes no referente aos usos lingüísticos do alumnado. Das escasas respostas entregadas, aínda que parece non existir unha actitude refractaria para co uso do galego, cuestión revelada na enquisa en resposta á pregunta de “se lles gustaría aprender e usar máis a lingua galega”, a enquisa afonda nos resultados negativos referidos ás persoas que empregan o galego, aos que xa chegaron outros organismos oficiais como o Instituto Galego de Estatística (IGE).

Alén disto, Ferrol é unha zona caracterizada aínda máis se cabe por ter unha escasa implantación do galego en todos os ámbitos.

2.2 Xustificación do proxecto


A idea do proxecto xorde logo de participar nun curso de formación do profesorado organizado polo Cefore de Ferrol (F2103004 Deseño e desenvolvemento do Proxecto lingüístico de centro), no que unha das relatoras, Susana María Sánchez Aríns, indicou que, para dar cumprimento aos obxectivos recollidos nos proxectos de fomento do uso do galego nos centros, non había que tentar desenvolver “obras titánicas” que procurasen a solución a grandes problemas de carácter estrutural, senón que había que buscar a elaboración de pequenos proxectos que puidesen desenvolver os obxectivos centrais deses documentos programáticos vinculados á lingua galega. A maneira de formular este tipo de retos nun CIFP resulta máis complicada que no resto das etapas educativas, tanto pola tipoloxía do alumnado (interesado só en aspectos curriculares profesionais) como pola composición dos departamentos de familias profesionais (non hai departamento de galego ou afín). Deste xeito, desde o Departamento de Coordinación da Lingua Galega (DCLG, de aquí en diante), pensamos que

sería interesante vincularlo con outro proxecto que forma parte do noso centro como é o Plan de igualdade.

O traballo que presentamos xustifícase pola necesidade de normalizar, dignificar e difundir o galego entre o alumnado e o profesorado participante dun centro educativo no que o seu uso é case inexistente (CIFP Rodolfo Ucha), así como para trasladarlles aos centros implicados unha visión reparadora na cuestión da lingua e na de xénero.

Con este proxecto perseguimos darlle visibilidade, entre o alumnado de infantil e de 1º ciclo de primaria, a unha problemática relacionada coa lingua, o xénero e as profesións. O obxectivo principal é, con todo o modesta que poida resultar a actuación, corrixir o nesgo existente nas concepcións da lingua e do xénero das que están impregnadas as actividades laborais e os estudos en xeral. Pensamos que son estas primeiras etapas educativas aquelas nas que as persoas e os grupos son máis permeábeis ás ideas, apriorismos..., e, da mesma maneira, resulta máis doado "modelar" e erradicar aquelas visións estereotipadas que logo, na vida adulta, nos custa tanto corrixir.

O mapa mental que resume o proxecto é o seguinte:



Desde os centros educativos CIFP Rodolfo Ucha e IES Ricardo Carvalho Calero desenvolveranse dúas das tres fases deste proxecto (indicadas no anterior esquema) e que comprenden as seguintes **propostas de actuación:**

- Preparación e dramatización dos "contos": tanto o alumnado como o profesorado participante do CIFP Rodolfo Ucha redactarán unha serie de contos breves que logo serán dramatizados.
- Asistencia na dramatización: o profesorado do IES Ricardo Carvalho Calero asesorará o alumnado e profesorado do CIFP Rodolfo Ucha en todo aquilo que teña que ver coa dramatización e caracterización para a representación.
- Elaboración e administración de contidos audiovisuais e multimedia: gravaranse as actuacións e poranse á disposición da comunidade educativa nos repositorios habilitados para ese fin. Tamén se buscará a difusión da experiencia xestionando aquelas redes sociais que se consideren máis acaídas para ese obxectivo.

Desde o CEIP A Solaina, a fase que se vai desenvolver será a da representación diante do alumnado. Para isto, pensamos as seguintes **propostas de actuación:**

- Traballo previo co alumnado nas aulas referido á lingua e á temática de xénero (probabelmente partindo de actuacións concretas dos proxectos de igualdade e lingüístico que xa se estean a desenvolver no centro).
- Obtención das autorizacións das familias no referente á Lei de protección de datos e, concretamente, no uso de imaxes dos nenos e das nenas.
- Xestión dos espazos nos que se realizarán as actuacións.

Un dos retos que enfronta a nosa lingua no futuro a respecto do número de galegofalantes ten que ver coa transmisión interxeracional e coa posibilidade de que "...as crianzas poidan desenvolver a súa lingua nai de forma plena e libre..., primeiro no aspecto educativo e despois no laboral e social", tal e como figura entre os obxectivos a longo prazo (apartado 3.2) e como sinala Henrique Monteagudo (Álvarez, 2023). Resulta, deste xeito, máis que pertinente e xustificada a intervención que se propón neste proxecto desde un punto de vista lingüístico, tanto no ámbito social como no profesional.

3. Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación

3.1 Obxectivos a curto prazo

Como xa se adiantou no apartado 2, este proxecto tenta, de maneira transversal, contribuír a acadar os obxectivos en materia lingüística recollidos tanto no Plan anual do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro como nos plans estratéxicos dos outros dous centros participantes. Estes obxectivos, de xeito xenérico, recollen a necesidade de:

- “Fomentar o uso da lingua galega no centro para acadar unha maior paridade entre os galegofalantes e mais os castelanfalantes, dado que na actualidade é maioritario o uso do castelán” (Plan anual do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro).
- Mellorar os indicadores vinculados a dous temas estratéxicos para estas etapas educativas e que, así mesmo, representan un problema de carácter evolutivo ao longo dos diferentes itinerarios formativos do alumnado: o fomento do uso do galego e a promoción da igualdade efectiva.
- Favorecer a participación da comunidade educativa na promoción da lingua galega e na igualdade efectiva entre homes e mulleres.

3.2 Obxectivos a longo prazo

- Difundir o galego entre a comunidade educativa e a sociedade en xeral.
- Rematar con certos nesgos e prexuizos relativos á consideración do galego como lingua normal, así como con aqueles referidos á dicotomía entre traballos de homes e traballos de mulleres.
- Observar a evolución do alumnado destinatario das accións de dramatización respecto á consideración da lingua galega e ao xénero nos ámbitos traballados no proxecto.

4. Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos

4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

- Redacción das historias/contos.
- Dramatización ante o alumnado de infantil e primaria.
- Elaboración de contidos audiovisuais e multimedia.

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

- Pór á disposición da comunidade educativa e da sociedade en xeral os materiais audiovisuais e multimedia elaborados, mediante a publicación en repositorios de libre acceso e en redes sociais.
- Comprobar que as persoas usuarias iniciais e as destinatarias desa dramatización (alumnado dos CEIP) interaccionan sobre esa realidade lingüística e de xénero nas seguintes etapas educativas.

Resultaría interesante facelas partícipes da mesma experiencia, mais agora desde a perspectiva de persoas actoras e redactoras das historias de Rachando roles. Poderíase, desta maneira, observar se houbo algunha mudanza na visión estereotipada previa respecto da lingua e da "perspectiva de xénero" dos traballos e contribuír así a conformar persoas máis críticas e responsábeis.

5. Organización, desenvolvemento e metodoloxía

Nunha primeira fase do proxecto, xa realizada, buscouse información sobre experiencias semellantes aínda que noutros eidos (obradoiros teatrais con nenas e nenos en espazos públicos, sesións de contacontos...). Nesa toma de datos previa, traballouse coa idea de aplicar a iniciativa ao ámbito educativo e á realidade da contorna do centro coordinador. Como resultado disto, pensouse en apoiarse, para a fase de dramatización, no IES Ricardo Carvalho Calero e no CEIP A Solaina como centro receptor das actuacións.

Unha vez conformada a idea, contactouse co alumnado do CIFP para lle explicar a grandes trazos o proxecto e ver quen estaría disposto a participar nalgunha das tres propostas de actuación. Como resultado, seis alumnas amosan o seu interese en participar.

Deseguido, contáctase coa coordinadora da lingua galega do CIFP Carvalho Calero, Pin Patinho, e requírese a súa colaboración para a fase de dramatización. Conséguese a participación do Departamento de Imaxe Persoal no que ten que ver coa caracterización e *atrezzo*. A coordinadora da Lingua Galega e Literatura do IES tamén prestará asistencia no apartado interpretativo.

Posteriormente, faise unha sondaxe sobre a disposición de varios CEIP da contorna para integrarse no proxecto e ao final decantámonos polo CEIP da Solaina, polo interese amosado polo seu coordinador e outro profesorado que participará na experiencia.


As **fases de actuación** están secuenciadas e traballadas metodoloxicamente da seguinte maneira:

1	Reunións coas persoas coordinadoras dos diferentes centros educativos e co alumnado participante para explicar en profundidade o proxecto, definir e clarificar roles de actuación, establecer a proposta de calendario das actividades que se van desenvolver e tentar contestar as dúbidas que se formulen.
2	Preparación dos textos: asesoramento no referente á temática, extensión, corrección gramatical e ortográfica, así como adecuación do rexistro ao público destinatario.
3	Preparación das dramatizacións: asesoramento por parte do profesorado participante dos centros CIFP Rodolfo Ucha e IES Ricardo Carvalho Calero no que ten que ver coas interpretacións e coa caracterización dos personaxes. O Departamento de Imaxe Persoal do Carvalho Calero pensou en organizar un obradoiro de automaquillaxe, para que o alumnado aprenda a se caracterizar a si mesmo. O profesorado do CIFP Rodolfo Ucha, así como o do IES Ricardo Carvalho Calero encargaranse do asesoramento nas interpretacións do alumnado.
4	Reunión de coordinación para facer un seguimento das diferentes actuacións. Aproveitarase esta xuntanza para coordinarse co CEIP A Solaina no que ten que ver coa definición do tempo, lugar e

	requirimentos de protección de datos e de imaxe persoal para a actuación. Tamén serán tratados nela os aspectos relacionados coa gravación da actuación e a xestión dos contidos audiovisuais e multimedia en repositorios de acceso libre e redes sociais.
5	Proba final do lugar onde se vaia realizar a actuación.
6	Realización da actuación e gravación dos materiais.
7	Xestión audiovisual e multimedia.
8	Verificación do grao de cumprimento dos obxectivos.

6. Xestión e calendario

Na seguinte gráfica de Gantt, incorpórase un bosquexo do cronograma das actuacións:



7. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

Participa de forma máis directa no proxecto o profesorado seguinte:

- Lois Ismael Sánchez Meizoso, coordinador do EDLG e do proxecto. Profesor no CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro. Participará activamente na elaboración das historias.
- Elena Estévez Quintela, profesora do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro. Participará na fase de xestión audiovisual e multimedia.
- Uxía Miguélez Rodríguez, profesora do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro. Participará na fase de dramatización das historias.
- Rocío García Brandeiro, profesora do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro. Participará na fase de xestión audiovisual e multimedia.
- Lorena Calaza Martínez, integrante do EDLG e profesora no IES Ricardo Carvalho Calero. Participará na fase de dramatización das historias.
- Paula Cristobo Rodríguez, profesora no IES Ricardo Carvalho Calero. Participará na fase de dramatización das historias.
- Eva Pérez Loureiro, profesora no IES Ricardo Carvalho Calero. Participará na fase de dramatización das historias.
- Monserrat Teruel Molina, profesora no IES Ricardo Carvalho Calero. Participará na fase de dramatización das historias.
- Carlos Rafael Santiago López, coordinador do EDLG e mestre no CEIP A Solaina. Participará nas fases de dramatización das historias e xestión audiovisual e multimedia.
- Alva Bayolo Torrente, mestra no CEIP A Solaina. Participará nas fases de dramatización das historias e xestión audiovisual e multimedia.
- Ania Lamas Piñón, mestra no CEIP A Solaina. Participará nas fases de dramatización das historias e xestión audiovisual e multimedia.

7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número)

O alumnado que indicamos a seguir é o que está máis directamente implicado no proxecto:

- Lucas Zenaw González Aneiros, alumno de 1º do Ciclo Básico de Informática de Oficina. Participará na fase de dramatización das historias.
- Mara Iglesias Gómez, alumna de 1º do Ciclo Superior de Márketing e Publicidade. Participará na fase de dramatización das historias.
- Lucía Boado Couceiro, alumna de 1º do Ciclo Superior de Márketing e Publicidade. Participará nas fases de elaboración de historias e a súa dramatización.
- Sara Rodríguez Puentes, alumna de 2º do Ciclo Superior de Xestión de Vendas e Espazos Comerciais. Participará na fase de dramatización das historias.
- Uxía García Varela, alumna de 1º do Ciclo Superior de Márketing e Publicidade. Participará nas fases de dramatización das historias e xestión audiovisual e multimedia.
- Lara Prado Sendón, alumna de 1º do Ciclo Superior de Márketing e Publicidade. Participará nas fases de dramatización das historias e xestión audiovisual e multimedia.

8. Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

Segundo a secuencia das actuacións, o material que se vai empregar será o seguinte:

Concepto	Fase
Material funxíbel (folios, bolígrafos...)	Elaboración de historias
Atrezzo (teas, vestimenta, complementos...)	Dramatización das historias
Maquillaxe	Dramatización das historias

Micrófono	Dramatización das historias
Equipo de son	Dramatización das historias
Mobiliario	Dramatización das historias
Cámara de vídeo	Dramatización/xestión multimedia

9. Orzamento. Xustificación e desagregación

Concepto	Importe estimado (€)	Fase na que se precisa
Material funxíbel (folios, bolígrafos, rotuladores, cartolinas...)	200	Elaboración de historias
Atrezzo (teas, vestimenta, complementos...)	400	Dramatización das historias
Maquillaxe	570	Dramatización das historias
Cámara de vídeo	600	Dramatización/xestión multimedia
Axudas de custo	50 5	Dramatización/xestión multimedia
Augas quilometraxe (8 Km, ida/volta)		
Libros en galego con temática de igualdade de xénero	180	Traballo previo á representación
Luces de escenario e máquina de fume	150	Dramatización
Micrófonos e complementos	230	
Total	2.385	

10. Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

Non hai previstas colaboracións para este curso académico.

11. Medidas de difusión do proxecto

11.1 Accións, canles, medios e formatos

Inicialmente, as representacións serán publicadas nas aulas virtuais dos centros educativos participantes no proxecto:

- CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro:

<https://moodle.cifprodolfoucha.es/>

- IES Ricardo Carvalho Calero:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesricardocarballocalero/aulavirtual/>

- CEIP A Solaina:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasolaina/aulavirtual/>

Nunha segunda fase, as encargadas da xestión audiovisual e multimedia subirán os contidos nos repositorios da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:

Repositorio de contidos educativos: <https://recursos.edu.xunta.gal/>

A continuación, estudarase a posibilidade de publicar os contidos noutros repositorios de acceso aberto para que a sociedade, no seu conxunto, se poida beneficiar desta experiencia.

Finalmente, as encargadas da xestión audiovisual e multimedia subirán os contidos elaborados a diferentes plataformas e redes sociais para contribuír á máxima difusión do proxecto:

- Instagram CIFP Rodolfo Ucha:

<https://www.instagram.com/cifprodolfoucha/>

- Instagram IES Ricardo Carvalho Calero:

<https://www.instagram.com/correspondentescarvalho/>

- Participación proxecto Youtubeiras: <https://youtubeiras.gal/inicio/>

Os formatos empregados serán ficheiros de texto, para a elaboración dos textos, e de vídeo para as gravacións das representacións.

11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos)

Coincidindo coa conmemoración do Día das Letras Galegas, a representación podería formar parte das actividades que se desenvolvan no CIFP Rodolfo Ucha e no IES Ricardo Carvalho Calero. Enviaráselles unha nota de prensa aos medios de comunicación para que poidan difundir a iniciativa.

12. Plan de avaliación

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

A seguinte táboa de evidencias permitirá comprobar a adecuación ao desenvolvemento das accións conducentes ao cumprimento dos obxectivos:

Evidencia	Indicadores	Relación cos obxectivos
Elaboración das historias	Ficheiros en formato texto e PDF	Fomento do uso do galego e promoción da igualdade efectiva
Control de calidade	Actas das reunións de coordinación e seguimento nas diferentes fases	Fomento do uso do galego e promoción da igualdade efectiva
Preparación e representación dos contos	Realización de ensaios e representacións	Fomento do uso do galego entre a comunidade educativa e promoción da igualdade efectiva. Corrixir nesgos e prexuizos vinculados á consideración do galego como lingua normal, así como aqueles referidos á

		dicotomía entre traballos de homes e traballos de mulleres.
Xestión audiovisual e multimedia	Gravacións e Subida de ficheiros	Difundir o galego entre a comunidade educativa e a sociedade en xeral. Rematar con nesgos e prexuizos vinculados á consideración do galego como lingua normal, así como con aqueles referidos á dicotomía entre traballos de homes e traballos de mulleres.
Análise dos obxectivos a curto prazo	Memoria en xullo	Todos os obxectivos a curto prazo

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

O proxecto ten vocación de continuidade e pretende espallarse por outros centros da comarca, para contribuír á consecución dos obxectivos mencionados mediante esta divulgación na contorna.

Este traballo poderá formar parte dos proxectos de fomento da Lingua Galega dos centros involucrados inicialmente e, a longo prazo, daqueles que se queiran sumar. Dentro dos indicadores de calidade, o número crecente de centros participantes será un indicador do impacto do proxecto na mellora dos obxectivos establecidos no apartado 3 deste programa.

12 Bibliografía

Álvarez, M., "O ensino, a familia e a contorna son claves para garantir a continuidade do galego", *Nós Diario*, (21.02.2023)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES